



# Europa NO TEU Concello



EUROPE DIRECT  
A Coruña



Deputación  
DA CORUÑA

#EUROPANOTEUCONCELLO

#NEWSLETTER

## CONSULTA AS NOVIDADES!

7 de xullo 2023

### -138º Curso sobre a Unión Europea - ata o 20 de xullo

O Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación organiza unha nova edición deste curso que terá lugar do 2 de outubro ao 14 de decembro de 2023, de luns a xoves, na Escola Diplomática de Madrid.

### -Prácticas no Tribunal de Xustiza da Unión Europea - ata o 15 de setembro

Aberto o prazo para solicitar as prácticas que terán lugar do 1 de marzo ao 31 de xullo de 2024 en Luxemburgo.

### -Prácticas no Instituto Europeo da Igualdade de Xénero - ata o 26 de xullo

Esta axencia descentralizada da UE situada en Vilna (Lituania) ofrece prácticas de seis meses na súa Unidade de Divulgación e Participación.

## E lembra!

### -Oposicións na UE para administradores/as no ámbito da Economía - ata o 25 de xullo

As institucións e axencias da UE buscan persoal funcionario de administración para micro e macroeconomía, economía financeira e industrial con inglés e formación ou experiencia.

### -Prácticas na axencia EU-LISA de xestión de sistemas informáticos - ata o 24 de xullo

A Axencia Europea para a Xestión Operativa de Sistemas Informáticos de Gran Magnitude no Espazo de Liberdade, Seguridade e Xustiza abre dúas prazas de prácticas

Europe Direct A Coruña - [europedirect@dacoruna.gal](mailto:europedirect@dacoruna.gal) - [www.dacoruna.gal/europedirect](http://www.dacoruna.gal/europedirect)



Europe Direct A Coruña



@edcoruna



@europedirectcoruna



682677765

remuneradas por seis meses para perfís de IT e de funcións de apoio de varias unidades.

### **-Vacantes de formación nas delegacións do Servizo Europeo de Acción Exterior - varias datas**

Novas oportunidades para facer formación remunerada de seis meses en postos de comunicación, comercio e relacións internacionais en Singapur, Tailandia e Exipto.



#### **Coñeces o noso ClubUE?**

Se tes entre 18 a 30 anos e queres COÑECER, APRENDER e PARTICIPAR das oportunidades que ofrece a Unión Europea. Únete!

\*\*\*

Podes acceder aos enlaces dende a páxina:

<https://bit.ly/EuropaNoTeuConcello> ou escaneando o código QR

